

19 Septiembre de 2011 - Revista 834

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 9

EMPREGO / 10

NOVAS DAS OMIX / 17

EN PORTADA

## O programa 'A Xuventude no Mundo III' de Benestar ofertou 140 prazas de intercambio en 12 países entre febreiro e setembro

Mércores, 14 Setembro 2011 15:27



- A iniciativa desenvolveu catorce intercambios cunha duración media dunha semana
- As actividades baseáronse no coñecemento da cultura e no respecto ás distintas tradicións e costumes
- Hoxe iníciase o último intercambio, que ten como destino Yerevan, a capital de Armenia

O programa 'A Xuventude no Mundo III', da Consellería de Traballo e Benestar, ofertou entre febreiro e setembro de 2011 un total de 140 prazas en catorce intercambios cunha duración media dunha semana en doce países. O último intercambio iníciase hoxe e ten como destino Yerevan, capital de Armenia.

A terceira edición do programa galego de mobilidade 'A xuventude no mundo' ofertou no 2011 un total de 140 prazas en Rímini (Italia); Holloko (Hungría); Cartaxena (Colombia); Noyant (Francia); Ceska Trebova (República Checa); Santa Cruz (Chile); Brolo (Italia); Figueira da Foz (Portugal); Chisinau (Moldova); Yaroslav (Rusia); Wakayama (Xapón); Vezprem (Hungría); Iguazu (Arxentina) e Yeveran (Armenia).

As temáticas dos intercambios, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, foron distintas, variando segundo o destino, pero a maioría deles baseáronse no coñecemento da cultura e no respecto ás distintas tradicións e costumes. Así mesmo abordáronse outros temas como a loita contra a exclusión social, a globalización, a preservación da selva ou a globalización.

Este programa de educación non formal destínase a mozos e mozas galegos de entre 18 e 30 anos e permite aos participantes coñecer ao longo dunha semana o país elixido e os seus medios de vida, diferentes aos que están acostumados habitualmente.

Os obxectivos deste programa son que os mozos e mozas galegos obteñan experiencias de educación non formal no estranxeiro que faciliten a convivencia e a interacción con persoas de distintas rexións, comprendan a diversidade sociocultural, coñezan outras linguas, culturas e costumes, ao tempo que incrementan o seu nivel de independencia e responsabilidade, venzan prexuízos, potenciando a solidariedade, o voluntariado e a tolerancia.

A Xunta de Galicia ten como un dos seus eixos prioritarios das políticas de xuventude a promoción da mobilidade xuvenil. Unha mobilidade que se debe entender non coma a participación en viaxes turísticos, xa que os mozos e mozas son acollidos por unha entidade xuvenil do país de referencia e comparten un amplo programa de actividades, o que supón unha implicación activa dos participantes na vida social, cultural e educativa, da rexión á que temporalmente se van desprazar.

## Xuventude abre o prazo para inscribirse nos cursos de condución segura da

## campanña Libre

Xoves, 15 Setembro 2011 11:27

Poderán inscribirse nos cursos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 35 anos que estean en posesión do carné de conducir B

**LIBRE**

Os cursos impartiranse no Circuito da Madalena, no concello de Forcarei (Pontevedra), as fins de semana do 15 e 16 de outubro e do 22 e 23 de outubro; e no Circuito da Pastoriza, no concello da Pastoriza (Lugo), as fins de semana do 29 e 30 de outubro e do 5 e 6 de novembro

A actividade organizarase para 64 alumnos cada fin de semana (un total de 256 prazas) en catro quendasA Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Be-

nestar, abre o prazo de inscrición para os cursos de condución segura, enmarcados na campaña 'Libre', co obxectivo de que a mocidade non consuma alcohol se vai conducir.

Dentro da campaña de sensibilización 'Libre' a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado aposta novamente polos cursos de condución segura coa finalidade de achegar á mocidade actitudes seguras no uso dun vehículo tomando como base o coñecemento dos factores de risco na condución, dos sistemas de seguridade activa e pasiva do vehículo, así como da técnica de condución.

Poderán inscribirse nos cursos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 35 anos que estean en posesión do carné de conducir B. Os cursos impartiranse no Circuito da Madalena, no Concello de Forcarei (Pontevedra), as fins de semana do 15 e 16 de outubro e do 22 e 23 de outubro, e no Circuito da Pastoriza, no Concello da Pastoriza (Lugo), as fins de semana do 29 e 30 de outubro e do 5 e 6 de novembro.

A actividade organizarase para 64 alumnos cada fin de semana (un total de 256 prazas) en catro quendas de sábado pola mañá, sábado pola tarde, domingo pola mañá e domingo pola tarde. As quendas serán de 9,00 a 14,00 horas pola mañá e de 13,30 a 18,30 horas pola tarde.

A inscrición é mediante chamada telefónica desde hoxe en horario de 9,00 a 14,00 horas, de luns a venres, nos seguintes números: Para o circuito da Madalena, no 986 81 70 80; e no da Pastoriza, nos números 982 29 42 24/ 982 29 42 51.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

## Intercambio en Yerevan (Armenia) dentro do programa 'A Xuventude no Mundo III'

Martes, 13 Setembro 2011 00:00



Nove mozos e mozas galegos participarán na terceira edición do programa galego de mobilidade “A Xuventude no Mundo” dos días 14 ao 21 de setembro nun intercambio en Yerevan, a capital de Armenia, sendo nesta ocasión a entidade de acollida o Ministerio de Deporte e Xuventude da República de Armenia.

Durante a súa estada no país armeno, os participantes galegos terán un encontro con representantes do Ministerio de acollida, así tamén con mozos e mozas representantes de partidos políticos armenos de Tsakhkadzor. Dentro do programa de actividades están previstas varias visitas, así ao museo de manuscritos antigos, ao Museo da Memoria do Xenocidio de Tsitsernakaberd e ao Lago Sevan, entre outras.

Este intercambio é o último da terceira edición do programa “A Xuventude no Mundo” da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que durante o ano 2011 ofertou un total de 140 prazas en 14 intercambios distintos a desenvolverse entre os meses de febreiro a setembro.

## Xuventude abre o prazo para inscribirse nos cursos de condución segura da campaña Libre

Xoves, 15 Setembro 2011 11:27



Poderán inscribirse nos cursos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 35 anos que estean en posesión do carné de conducir B

Os cursos impartiranse no Circuito da Madalena, no concello de Forcarei (Pontevedra), as fins de semana do 15 e 16 de outubro e do 22 e 23 de outubro; e no Circuito da Pastoriza, no concello da Pastoriza (Lugo), as fins de semana do 29 e 30 de outubro e do 5 e 6 de novembro

A actividade organizarase para 64 alumnos cada fin de semana (un total de 256 prazas) en catro quendasA Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, depen-

dente da Consellería de Traballo e Benestar, abre o prazo de inscrición para os cursos de condución segura, enmarcados na campaña ‘Libre’, co obxectivo de que a mocidade non consuma alcohol se vai conducir.

Dentro da campaña de sensibilización ‘Libre’ a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado aposta novamente polos cursos de condución segura coa finalidade de achegar á mocidade actitudes seguras no uso dun vehículo tomando como base o coñecemento dos factores de risco na condución, dos sistemas de seguridade activa e pasiva do vehículo, así como da técnica de condución.

Poderán inscribirse nos cursos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 35 anos que estean en posesión do carné de conducir B. Os cursos impartiranse no Circuito da Madalena, no Concello de Forcarei (Pontevedra), as fins de semana do 15 e 16 de outubro e do 22 e 23 de outubro, e no Circuito da Pastoriza, no Concello da Pastoriza (Lugo), as fins de semana do 29 e 30 de outubro e do 5 e 6 de novembro.

A actividade organizarase para 64 alumnos cada fin de semana (un total de 256 prazas) en catro quendas de sábado pola mañá, sábado pola tarde, domingo pola mañá e domingo pola tarde. As quendas serán de 9,00 a 14,00 horas pola mañá e de 13,30 a 18,30 horas pola tarde.

A inscrición é mediante chamada telefónica desde hoxe en horario de 9,00 a 14,00 horas, de luns a venres, nos seguintes números: Para

o circuito da Madalena, no 986 81 70 80; e no da Pastoriza, nos números 982 29 42 24/ 982 29 42 51.

## Formación a voluntariado de apoio a mulleres xestantes 2011

Mércores, 14 Setembro 2011 07:24



Formación a voluntariado de apoio a mulleres xestantes 2011

O prazo de inscrición abrirá o día 19 de agosto ata o 19 de setembro ás 14:30h.

Nº DE HORAS: 20 horas

Nº DE EDICIÓNS: 4 (Santiago, Vigo, Lugo e Ourense)

Nº DE PRAZAS: Grupos ata 20 persoas máximo

CONTIDOS: Presentación dos servizos dos Centros Quérote+

Módulo1.

1.1.Presentación Quérote +

1.2.Marco conceptual do voluntariado

1.3.Dereitos e deberes do voluntariado

1.4. Funcións específicas do voluntariado de apoio a mulleres xestantes

Módulo 2.

2.1. Lexislación

2.2. Recursos

2.3. Feito Sexual Humán

2.4. Prácticas conceptivas e anticonceptivas

2.5. Métodos anticonceptivos e de prevención

2.6. Embarazo non desexado

Módulo 3.

3.1. Corpo feminino durante o embarazo

3.2. Cambios durante o embarazo

a. Aspectos sociais

b. Aspectos sanitarios

c. Aspectos psicolóxicos

3.3. Papel da parella e o entorno

3.4. Hábitos saudables

3.5. Preparación para o parto

Módulo 4.

4.1. Acompañamento en situacións concretas:

a. Embarazo e drogodependencias

- b. Embarazo e ITS
- c. Embarazo múltiple e prematureidade
- d. Complicacións durante a xestación
- 4.2. A crianza
- 4.3. Planificación da nova vida.

MODALIDADE: Presencial

LUGARES DE IMPARTICIÓN:

- Centro LUG II, Rúa Pintor Corredoira nº4, Lugo
- Casa da Xuventude, Praza do Matadoiro s/n, Santiago de Compostela
- Centro Quérote A Coruña, Plaza de Ourense 7-8, entreplanta dereita.
- Centro Querote+, Rúa Ferrería nº41, Vigo

## Campaña LIBRE: venres 16 de setembro no Carballiño (Ourense)

Mércores, 14 Setembro 2011 08:03



Campaña LIBRE: venres 16 de setembro no Carballiño (Ourense)

A campaña LIBRE da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado desprazarase o venres 16 de setembro ata a localidade do Carballiño na provincia de Ourense, coincidindo coas Festas de San Cibrán, patrón da vila. Un equipo de monitores da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado estará a partir das 21:00 horas nas inmediacións da Pista Roxa, onde explicarán aos mozos e mozas a campaña, facendo probas voluntarias de alcolemia e repartindo material promocional, destacando o cd "Flores en la carretera",

referente musical da campaña.

Simultaneamente os monitores colocarán triángulos amarelos nos teitos dos vehículos estacionados nas rúas da vila ourensá co lema de LIBRE, triángulos que son una chamada á reflexión dos condutores á hora de subir ao coche.

A campaña LIBRE está promovida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o fomento dunha conducción segura e sen alcol entre a mocidade, poñendo de manifesto os perigos de mesturar alcol e conducción. É dicir, campaña de concienciación e sensibilización. Dentro desta campaña tamén se levarán a cabo cursos de conducción segura no circuíto da Madalena no Concello de Forcarei (Pontevedra) e no circuíto da Pastoriza (Lugo) durante catro fins de semana no mes de outubro e a primeira fin de semana de novembro. En total 256 prazas.

## Celebra connosco os 3.000 seareiros en Facebook!

Mércores, 14 Setembro 2011 15:37



Para darvos as grazas por seguir as nosas novas a través das redes sociais, imos a ter un pequeno detalle cos seguidores da nosa páxina de Facebook.

Entra no SORTEO de 2 prazas de Roteiros para Forcarei (fin de semana do 23-25 setembro). So tes que deixar-nos un comentario explicándonos CAL É O PROGRAMA OU ACTIVIDADE QUE MÁIS CHE GUSTA DA DX XUVENTUDE E VOLUNTARIADO.

- Podedes participar ata o domingo 18!
- So se aceptará UN COMENTARIO por persoa.
- O comentario será NA ACTUALIZACIÓN DE ESTADO QUE TEÑA LIGADA ESTA NOVA

Esperamos as vosas achegas, porque con elas, podemos mellorar. 3000 mil grazas a cada un dos nosos amigos

e amigas de Facebook.

Ah, e para os que nos sigan por tuenti e twitter... tamén prepararemos alguna sorpresinha

## REPERKUSIÓN!! Actuación do grupo musical gañador do Certame Galego de Creadores Novos, Xuventude Crea 2009

Venres, 16 Setembro 2011 10:27



Nova edición do festival que se celebrará á beira do río Arnoia. Tres días de actividades que van dende a formación ata unha sesión ininterrompida de música de diferentes estilos pero co baile como tónica xeral.

A Reperkusión de Allariz converteuse co paso dos anos nun referente en materia de festivais. Agardado cada ano por milleiros de galegos que devecen por comezar xa coa temporada de inverno en materia musical, este evento que conta xa con 8 anos de experiencia acumulada, desenvólvese na segunda fin de semana de setembro. Serán os vindeiros días 16 e 17 os do groso das actividades pero xa pola semana e ó longo do domingo ata ben entrada a tarde e a noite continuará a festa.

Actuará, entre outros, Chotokoeu, grupo musical gañador do Certame Galego de Creadores 2009,

Xuventude Crea.

O menú é o seguinte:

Venres 16 de setembro (Campo de Vilanova)

-Telephunken.

-Mamba Beat.

-Circo Abusivo.

-La akustica asesina.

+ Telephunken DJ.

Sábado 17 de setembro (Campo de Vilanova):

-La Fanfare en Petard.

-Russkaja.

-Nonlinear.

-Os santomusiquistas.  
-Hadri Skalta.  
Sábado 17 de setembro (Praia Acearrica):  
-Meigas Tribal.  
-Walkman + Twikiman.  
-Modulok Trio.  
-Los Guacamola.  
Domingo 18 (Praia de Acearrica):  
-Skarallaos.  
-Duplo son.  
-Chotokoeu.

## Gañadora de 2 prazas no programa Roteiros para a Xuventude co Carné Xove

**Venres, 16 Setembro 2011 11:48**



A gañadora no sorteo realizado este venres, 16 de setembro, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nun lote de 2 prazas no programa Roteiros para a Xuventude, no Albergue Xuvenil de Pontemariil – Forcarei (Pontevedra) do 23 ao 25 de setembro, foi:  
**INMACULADA VIDAL GOMEZ**

Máis información en:  
<http://xuventude.xunta.es/201109084502/o-programa-roiteiros-oferta-aos-mozos-e-mozas-galegos-un-total-de-500-prazas-en-estadias-de-fins-de-semana-multiaventura.html>

[http://xuventude.xunta.es/uploads/Roteiros\\_para\\_a\\_xuventude.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/Roteiros_para_a_xuventude.pdf)

## Entra no sorteo dun lote de 2 entradas para o concerto de Amaral co teu Carné Xove



**Luns, 19 Setembro 2011 00:00**  
Desde o luns, día 19 de setembro e ata as 9:00 h. do venres, día 23 de setembro, ábrese o prazo para o novo sorteo do programa Carné Xove.  
Sortéase un lote de 2 entradas para o concerto de Amaral que terá lugar o 22 de outubro ás 20.00h, no Pazo da Cultura de Narón (A Coruña).  
Máis información en:  
<http://www.padroadodecultura.es/obras.php?id=144>

Para participar tes que cubrir este formulario.  
Aquí podes consultar as bases do sorteo.

### FORMACIÓN CURSOS DA DXXV

## Curso de ANIMACIÓN CULTURAL PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:30**



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de Animación Cultural para Informadores Xuvenís.

Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.

O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 160

Nº DE EDICIÓNS: 1

Nº DE PRAZAS: 25

Contidos:

Pedagogía da intervención cultural.

Desenvolvemento de proxectos de animación cultural.

Recursos de animación cultural.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a través da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 10 de outubro ao 12 de decembro de 2011.

## Curso de ANIMACIÓN DE LECER E TEMPO LIBRE PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:37**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de Animación de Lecer e Tempo Libre para Informadores Xuvenís.  
Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.



O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 160

Nº DE EDICIÓNS: 1

Nº DE PRAZAS: 25

Contidos:

Pedagogía do lecer e do tempo libre.

Desenvolvemento de proxectos de lecer e tempo libre.

Recursos de lecer e tempo libre.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a traves da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 14 de outubro ao 14 de decembro de 2011.

## Curso de ANIMACIÓN E DINÁMICA DE GRUPOS PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:40**

A Dirección Xeral de Xuventude e convoca un curso de Animación e Dinámica de Grupos para Informadores Xuvenís.

Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.

O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 110

Nº DE EDICIÓNS: 1

Nº DE PRAZAS: 25

CONTIDOS:

Animación como educación non formal.

Fundamentos de psicoloxía e socioloxía aplicados á animación.

Proceso e métodos de intervención.

Proxecto de animación.

Animador: modelos e situacións de traballo.

Dinámica e dinamización de grupos.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a traves da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 7 de outubro ao 25 de novembro de 2011.

## Curso de DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:43**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de Desenvolvemento Comunitario para Informadores Xuvenís.

Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.

O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 160

Nº DE EDICIÓNS: 1

Nº DE PRAZAS: 25

Contidos:

i) Intervención comunitaria.

i) Desenvolvemento de proxectos de intervención comunitaria.

i) Recursos no desenvolvemento comunitario.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a traves da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 17 de outubro ao 16 de decembro de 2011.

## Curso de FORMACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:46**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de formación en Orientación laboral para informadores xuvenís.

Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.

O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 55  
Nº DE EDICIÓNS: 1  
Nº DE PRAZAS: 25

Contidos:  
Saúde laboral.  
Orientación e inserción sociolaboral.  
Principios de economía.  
Economía e organización da empresa.  
O sector produtivo en Galicia.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a través da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 2 de novembro ao 2 de decembro de 2011.

## Curso de METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL PARA INFORMADORES XUVENÍS

**Venres, 16 Setembro 2011 07:49**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de Metodoloxía da intervención social para Informadores Xuvenís.

Destinatarios: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mozos e mozas de 18 a 30 anos.

O 60% das prazas é para persoal da Rede Galega de Información e Documentación xuvenil e o 40% para mozos e mozas de 18 a 30 anos que estean en posesión do carné xove.

Criterios de admisión: Dentro de cada grupo a prioridade virá dada pola orde de chegada das solicitudes. As prazas non cubertas por algún dos grupos engadirase ao outro.

Nº DE HORAS: 80

Nº DE EDICIÓNS: 1

Nº DE PRAZAS: 25

Contidos:  
Modelos e programas de intervención social en distintos ámbitos.  
Avaliación.  
Outros instrumentos da intervención: investigación e acción.  
Valores dos profesionais da intervención social.

Modalidade: A distancia.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2011, e realizarase a través da Solicitud e Formulario anexo.

Data de realización: do 21 de outubro ao 1 de decembro de 2011.

### BOLSAS E AXUDAS → CONVOCATORIA XERAL

## Subvencións a Entidades sen ánimo de lucro 2011. Concello de Meis (Pontevedra)

**Mércores, 14 Setembro 2011 08:37**



A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas e subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar as actividades de carácter cultural, deportivo, de interese social ou promoción do concello que promovan as persoas físicas e xurídicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o concello de Meis, realizadas durante o ano 2011.

O importe de cada axuda non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas superen o orzamento da actividade subvencionada, e en ningún caso excederá de 1.000€.

Poderán solicitar estas subvencións:

as persoas xurídicas, asociacións veciñais, culturais e entidades validamente constituídas, domiciliadas no concello de Meis que realicen actividades de interese municipal.

as demais entidades e asociacións públicas que aínda que non estean domiciliadas no concello de Meis, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou de interese para os veciños de Meis.

Requisitos dos solicitantes:

1. carecer de ánimo de lucro.
2. Estar debidamente inscritos no Rexistro Municipal de asociacións e Entidades do concello.
3. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo concello de Meis.
4. atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado e Facenda da Xunta) e coa seguridade social.

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 176, do martes 13 de setembro de 2011.

[www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

### BOLSAS E AXUDAS → FORMACIÓN PRACTICA

## Bolsas do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)

Mércores, 14 Setembro 2011 08:07



O Instituto Nacional de Administración Pública convoca bolsas de formación práctica:  
2 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Biblioteconomía e Documentación.  
2 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions.  
3 bolsas destinadas a titulados superiores universitarios en Dereito, Ciencias Políticas ou Administración Pública.  
A contía individual das bolsas será de 1.300 € mensuais.  
O período máximo de desfrute da bolsa será dun ano, prorrogable por outro ano máis.  
O prazo para presentar solicitudes estará abeiro ata o 1 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 14 de setembro de 2011 e en <http://sede.inap.gob.es>

## Leonardo da Vinci: Inter-Sea: a deep immersion in professional training

Mércores, 14 Setembro 2011 09:55



A Universidade de Vigo convoca 23 bolsas do programa Leonardo da Vinci: Inter-Sea: a deep immersion in professional training.

Requisitos:

Ser titulado/a pola Universidade de Vigo, Santiago de Compostela ou A Coruña dentro dos 18 meses anteriores á convocatoria.

Non ter experiencia laboral.

Estar inscrito como demandante de emprego.

Posuír a titulación así como o nivel de coñecemento do idioma requirido pola convocatoria e pola empresa / organización de acollida que oferta a praza.

Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa Leonardo da Vinci con anterioridade.

Países:

Alemaña, Austria, Bélxica, Eslovenia, Italia, Países Baixos, Polonia, Portugal e Reino Unido.

As estadias terán 13 semanas de duración e faranse en dúas quendas:

- do 6 de febreiro ao 7 de maio de 2012.

- do 8 de maio ao 7 de agosto de 2012.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 31 de outubro de 2011 e farase en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo.

Máis información na Vicerreitoría de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, teléfonos 986 813592 e 986 811947 e en [www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)

## Formación arquivística, documental e bibliotecaria no Senado

Venres, 16 Setembro 2011 07:05



O Senado convoca 15 bolsas de formación arquivística, documental e bibliotecaria, dirixidas a mozos titulados que desexen especializarse nestes campos.

As bolsas outórganse cunha duración dun ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012) e consistirán en doce pagamentos de 800 € brutos.

Requisitos:

Título oficial universitario en Biblioteconomía e Documentación.

Licenciados universitarios españois e doutros países membros da Unión Europea que reúnan as tres condicións seguintes:

a) ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1983.

b) acreditar ter cursado estudos en materias arquivísticas, bibliotecarias ou documentalistas

durante polo menos 200 horas lectivas.

c) non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 17 de outubro de 2011.

Máis información no BOE do 16 de setembro de 2011 e en [www.senado.es](http://www.senado.es)

## Bolsas Campus Dixital do Mar.

Venres, 16 Setembro 2011 08:53

Convocadas 7 bolsas do Campus Dixital do Mar, destinadas a alumnos das tres universidades galegas que estean cursando estudos de licenciatura ou grao nalgunha das titulacións afíns á formación práctica que se vai desenvolver. O prazo de presentación das solicitudes remata o 27 de setembro.

Máis información: <http://campusdomar.es/noticias>



BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

## Subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética

Mércores, 14 Setembro 2011 07:48

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) convoca subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011:

1. Sector industria.



- 1.A. Auditorías enerxéticas a industrias
- 1.B. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en industrias
2. Sector transporte.
  - 2.A. Estudos integrais de mobilidade urbana sustentable
  - 2.B. Estudos de viabilidade de actuacións de mobilidade urbana sustentable
  - 2.C. Plans de transporte para empresas
  - 2.D. Xestión de frota de transporte por estrada
3. Sector edificación.
  - 3.A. Rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes
  - 3.B. Mellora da eficiencia enerxética de instalacións térmicas nos edificios existentes
  - 3.C. Construción de novos edificios con alta cualificación enerxética

3.D. Auditoría enerxética nos edificios do sector residencial e servizos

4. Sector servizos públicos.

4.A. Renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes

4.B. Auditorías enerxéticas a instalacións de iluminación pública

4.C. Proxectos integrais de iluminación pública exterior

5. Sector transformación da enerxía.

5.A. Auditorías enerxéticas en coxeracións

5.B. Estudos de viabilidade para coxeracións

6. Sector agricultura e pesca.

6.A. Auditorías enerxéticas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector pesqueiro

6.B. Auditorías enerxéticas e proxectos de mellora de eficiencia enerxética no sector agrario

As axudas van dirixidas a particulares, comunidades de propietarios, empresas e administracións públicas.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 15 de novembro de 2011.

Máis información no DOG do 14 setembro de 2011 e en [www.inega.es](http://www.inega.es)

## Convocatoria das Bolsas de Sustentabilidade, Participación e Integración Universitaria da USC

**Mércores, 14 Setembro 2011 08:30**

A oferta é de 21 bolsas para o Campus de Santiago e 6 para o de Lugo.

